



Concello de Cangas

AECC CANGAS PRESENTA CATRO TALLERES PARA A TEMPADA 2017/2018

Cangas, 06/10/2017

Hoxe levouse a cabo a presentación dos talleres gratuítos que levará a cabo a Asociación Española Contra o Cancro de Cangas destinados aos socios e socias, así como ás persoas enfermas e familiares do Morrazo. Tratouse dun acto ao que acudiu o concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, Tomás Hermelo Álvarez.

En total serán catro talleres: de calceta, punto de cruz, pintura e tapicería. Está previsto que comecen a mediados de outubro ou, como moi tarde, a inicios de novembro.

O obradoiro de calceta impartirase os luns de 18:00 a 19:30 horas na Aula 1 do Centro Social de Cangas. A monitora será Fina (687 080 172). O de punto de cruz realizarase os venres e disporá do mesmo horario e lugar que o anterior mencionado. Neste caso, a monitora será Mucha (680 530 661). As clases de pintura levaranse a cabo os xoves de 10:30 a 12:00 horas na Aula 5 do Centro Social. Monitora: María (651 634 528). Por último, o curso de tapicería desenvolverase no local da Asociación A Cepa os mércores de 19:00 a 21:00 horas. A monitora será Toñi (687 645 202).

Todas as persoas interesadas en inscribirse só teñen que chamar aos números de teléfono facilitados, ou pórse en contacto coa AECC (683 669 914). Sumado a todo isto, desde a asociación aproveitaron para lembrar que xa está á venda o seu número da Lotería de Nadal: 93647 (a tres euros, sendo 50 céntimos os destinados para a agrupación).

Gabinete de Comunicación